



## DECRETO DA ALCALDÍA

*Expediente 828/2023 relac 456/2023*

APROBACIÓN LISTA CANDIDATOS ENVIADOS POLO SEPEG PARA SELECCIÓN DE 2 PRAZAS DE SOCORRISTAS PARA FOMENTO DE EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS, POLA ORDE DO 7 DE XANEIRO DE 2023 (DOG Núm. 56 do 21 de marzo de 2023)

Vista a concesión de subvención ao abeiro da ORDE do 13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (código de procedemento TR351A), por importe de 4.631,62 euros.

Vista Resolución de Alcaldía nº 2023-0420, de data 29/06/2023 de bases e convocatoria para contratación laboral temporal de 2 prazas de socorristas para fomento de emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, pola Orde do Orde do 7 de xaneiro de 2023 (DOG Núm. 56 do 21 de marzo de 2023).

Vista a lista de persoas candidatas para participar no proceso de selección enviado pola oficina de emprego de Redondela

Esta Alcaldía de conformidade coas atribucións do seu cargo, RESOLVE:

**Primeiro.-** Aprobar a lista de persoas candiadas para participar no proceso de selección enviada pola oficina de emprego de Redondela, quedando como segue:

Número de oferta Nº.12/2023/7539.

### 1. MANUEL RODRIGUEZ DURAN

**Segundo.-** Os aspirantes que se relacionen no listado remitido polo SEPEG, podrán presentar a súa solicitude en instancia dirixidas ao Sr. Alclalde do Excmo. Concello de Pazos de Borbén, anexo I, como data límite o día 7/07/2023. Coa solicitude deberá ir acompañada da documentación xeral indicada na base oitava da bases e convocatoria para contratación laboral temporal de 2 prazas de socorristas para fomento de emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, pola Orde do pola Orde do 7 de xaneiro de 2023 (DOG Núm. 56 do 21 de marzo de 2023).

Ditas bases están publicadas na páxina web institucional [www.pazosdeborben.org](http://www.pazosdeborben.org), na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>, así como no taboleiro de anuncios sito nas dependencias do Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén). Así memo tamén se poderán solicitar nas oficinas do Concello de Pazos de Borbén.





Terceiro.- A proba práctica de carácter obrigatorio consistirá nunha proba relacionada coas tarefas a desempeñar no posto de traballo. Esta proba terá como finalidade a avaliación de competencias e destrezas profesionais dos aspirantes a hora da súa adecuación o posto de traballo e terá unha valoración máxima de 4 puntos. A proba práctica realizarase o 10 de xullo de 2023 ás 12:00 na piscina municipal de Moscoso, municipio de Pazos de Borbén.

Os aspirantes deberán acudir as probas provistos do DNI nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que for a causa que lles impidira acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal.

Cuarto.- O Tribunal Cualificador do proceso selectivo designarase de conformidade co disposto no artigo 60 do TREBEP e 59 da lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e estará composto polos seguintes membros:

Presidente/a: Jose Antonio Lorenzo Pérez (funcionario do Concello de Pazos de Borbén).

Secretario/a: Maria Rosario Sánchez González (funcionario do Concello de Fornelos).

Vogais: Raquel Garcia Calviño (personal laboral fixo do Concello de Pazos de Borbén)

Silvia Suárez Martínez (persoal laboral fixo do Concello de Soutomaior).

Raquel Villaverde Acuña (persoal laboral fixo do Concello de Soutomaior).

Suplentes:

Presidente/a: Jose Manuel Soto Virulegio (funcionario do Concello de Pazos de Borbén).

Secretario/a: Roberto Carlos Costa Tellado (funcionario do Concello de Pazos de Borbén).

Vogais: Alejandro Reguera Varela (funcionario do Concello de Pazos de Borbén).

María Isabel Fragueiro Piñeiro (personal laboral fixo do Concello de Pazos de Borbén).

David Rial Sobrino (persoal laboral fixo do Concello de Pazos de Borbén).

Quinto.- Notificar ao tribunal cualificador adxuntándolle bases e convocatoria para contratación laboral temporal de 2 prazas de socorristas para fomento de emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, pola Orde do Orde do 7 de xaneiro de 2023 (DOG Núm. 56 do 21 de marzo de 2023).

Sexto.- Publicar na páxina web institucional [www.pazosdeborben.org](http://www.pazosdeborben.org), na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>, así como no taboleiro de anuncios sito nas dependencias do Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén).

Mándao e asíno o Sr. Alcalde de Pazos de Borbén,

*O DECRETOU O SR. ALCALDE-PRESIDENTE O DÍA DA DATA DA SÚA SINATURA ELECTRÓNICA, DO QUE EU SECRETARIO-INTERVENTOR DESTE CONCELLO, DOU FE, MEDIANTE SINATURA DIXITAL Á MARXE.*

